



Guía Docente

Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Contidos complementarios para o ensino das literaturas galega e castelá		Código	652608812
Titulación	6 Mestrado Universitario en profesorado de Educación Secundaria: Lingua e Literatura Galega e Lingua e Literatura Castelá			
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	4
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Martinez Lopez, Maria Josefa		Correo electrónico	maria.josefa.martinez@udc.es
Profesorado	Fernandez Perez-Sanjulian, Carme		Correo electrónico	carme.fernandez.perez-sanjulian@udc.es
	Martinez Lopez, Maria Josefa			maria.josefa.martinez@udc.es
Web				
Descrición xeral				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer as características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacións.
A3	Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecementos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais.
A6	Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país.
A7	Coñecer e aplicar recursos e estratexias de información, tutoría e orientación académica e profesional.
A11	Coñecer a evolución histórica da familia, os seus diferentes tipos e a incidencia do contexto familiar na educación.
A13	Comprender as implicacións educativas da situación lingüística galega e adquirir e aplicar criterios, estratexias e recursos pedagóxicos para participar na planificación e desenvolvemento do plano lingüístico do centro.
A15	Coñecer o valor formativo e cultural das materias correspondentes á especialización.
A16	Coñecer os contidos que se cursan nos respectivos ensinamentos.
A17	Coñecer a historia e os desenvolvementos recentes das materias e as súas perspectivas para poder transmitir unha visión dinámica das mesmas.
A19	Coñecer os desenvolvementos teórico-prácticos do ensino e a aprendizaxe das materias correspondentes.
A21	Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos.
A25	Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada.
A26	Analizar criticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación utilizando indicadores de calidade.
A27	Identificar os problemas relativos ao ensino e a aprendizaxe das materias da especialización e expor alternativas e solucións.
A32	Adquirir experiencia na planificación, na docencia e na avaliación das materias correspondentes á especialización.
A33	Acreditar un bo dominio da expresión oral e escrita na práctica docente
A35	Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación a partir da reflexión sobre a práctica.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.



Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Cofecer o valor formativo e cultural das literaturas galega e castelá	AP1 AP6 AP13 AP15 AP16 AP17 AP19		CM1
Cofecer os contidos que se cursan en ensino secundario e bacharelato nas materias de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá.	AP6 AP13 AP15 AP16 AP17 AP19		CM1
Cofecer a historia e os desenvolvementos recentes das materias lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, así como as súas perspectivas para poder transmitir unha visión dinámica das mesmas.	AP3 AP6 AP13 AP15 AP16 AP17 AP19 AP21 AP25 AP33		CM1 CM4 CM7
Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos para as materias de literaturas galega e castelá.	AP7 AP13 AP21 AP27 AP32 AP33		CM1 CM6
Cofecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito das literaturas galega e castelá.	AP3 AP11 AP15 AP19 AP25 AP32 AP33 AP35		CM1 CM4 CM8
Identificar os problemas relativos ao ensino e a aprendizaxe das literaturas galega e castelá e expor alternativas e solucións.	AP13 AP19 AP25 AP26 AP27 AP33		CM1 CM3 CM4 CM7 CM8

Contidos	
Temas	Subtemas



1.- Revisión metodolóxica dos contidos relevantes no ensino da literatura	1.1. Cuestións contextuais: a periodización e os xéneros literarios 1.2. A necesidade de revisión da historiografía literaria. 1.3. Novas tendencias no ensino da literatura. 1.4. Revisión crítica de obras e autores.
2. Adaptación das literaturas galega e española ao marco curricular	2.1. A lectura comprensiva e crítica 2.2. O comentario de textos 2.3. Selección de lecturas representativas

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	A6 A7 A11 A13 A16 A15 A17 C3 C4 C6 C7	0	14	14
Obradoiro	A1 A3 A13 A21 A26 A27 A32 A35 C1 C3 C4 C8	12	16	28
Proba mixta	A3 A7 A13 A16 A15 A17 A21 A25 A19 A33 C1	2	10	12
Traballos tutelados	A3 A13 A16 A15 A17 A21 A25 A26 A27 A19 A32 A33 A35 C1 C3 C4 C6 C7 C8	1	24	25
Actividades iniciais	A1 A33 C1 C4	1	0	1
Sesión maxistral	A6 A7 A13 A16 A15 A17 A21 A25 A26 A27 A19 C4 C6 C7	12	6	18
Atención personalizada		2	0	2
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	Formando parte do seu traballo autónomo, os/as estudantes deberán ler os textos proporcionados ao comezo do curso. Estas lecturas serán obxecto de análise tanto nas sesións de obradoiro coma na proba mixta.
Obradoiro	Nas sesións presenciais alternaranse as leccións maxistrais coas sesións interactivas, nas que a participación do estudantado será fundamental. Levaranse a cabo actividades de diverso tipo: discusións dirixidas, comentario de textos. Todas elas terán como punto de partida fundamental as lecturas indicadas previamente polas profesoras.
Proba mixta	Ao final de curso, na data oficial, as/os estudantes deberán realizar unha proba mixta de carácter teórico-práctico.
Traballos tutelados	As profesoras propoñerán na segunda sesión uns temas de traballo, relacionados con algún aspecto da materia, para seren desenvolvidos en grupos polo alumnado. O resultado desta actividade será presentado oralmente ao conxunto da aula e submetido a debate na data marcada a principio do curso. Valorarase fundamentalmente a capacidade de reflexión e a orixinalidade das achegas, o rigor no tratamento do tema escollido, así como a clareza expositiva e expresiva.
Actividades iniciais	Na primeira sesión do curso levaranse a cabo distintas actividades para coñecer as competencias, intereses e motivacións do alumnado. Preténdese obter información relevante que permita artellar convenientemente a docencia da materia.
Sesión maxistral	A modo de introdución aos distintos temas, desenvolveranse as directrices xerais dos contidos que conforman a materia.

Atención personalizada



Metodoloxías	Descrición
Obradoiro Sesión maxistral Proba mixta Lecturas Traballos tutelados	Os(as) estudantes que non podan asistir no horario previsto para as Titorías, poderán concertar entrevistas por medio do correo electrónico.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A1 A3 A13 A21 A26 A27 A32 A35 C1 C3 C4 C8	Valorarase a participación activa nas distintas actividades que se desenvolvan na aula, así como a realización das lecturas.	10
Proba mixta	A3 A7 A13 A16 A15 A17 A21 A25 A19 A33 C1	Aplicaranse os seguintes criterios de avaliación: - adecuación da resposta á pregunta formulada - correcta estruturación do discurso - corrección ortográfica, sintáctica e gramatical Para superar a materia a calificación mínima desta proba deberá ser de 4 puntos sobre 10.	40
Traballos tutelados	A3 A13 A16 A15 A17 A21 A25 A26 A27 A19 A32 A33 A35 C1 C3 C4 C6 C7 C8	O traballo final obrigatorio, elaborado en grupo, desenvolverá un tema relacionado con algún aspecto da materia. Formalmente axustarase ás pautas definidas polas profesoras no inicio do curso. Valorarase fundamentalmente a capacidade de reflexión e a orixinalidade das achegas, o rigor no tratamento do tema escollido así como a clareza expositiva e expresiva. Este traballo será presentado oralmente ao conxunto da aula e submetido a debate na data determinada polas profesoras no inicio de curso.	50

Observacións avaliación

A realización das lecturas propostas é imprescindible para superar a materia, xa que sobre elas xiran os contidos teóricos, as sesións interactivas e as demais actividades que computan na avaliación.

Para superar a materia é imprescindible o uso correcto da lingua, tanto oral coma escrita: ortografía, puntuación, corrección sintáctica e gramatical.

O alumnado que teña matrícula a tempo parcial e/ou dispensa académica deberá poñerse en contacto coas profesoras a principio de curso; deberá realizar os mesmos traballos e probas que os/as estudantes con matrícula ordinaria.

Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña (artigo 14.4).

Fontes de información



Bibliografía básica	- Aller García, C. (1998). Animación a la lectura II: juegos y actividades para después de leer. Sevilla. Quercus - Bordons, G e A. Díaz-Plaja (2006). Enseñar literatura en secundaria. Barcelona. Graó - Fernández Paz, A. (2004). Lingua e literatura: educación secundaria obrigatoria. Vigo. Xerais - García Negro, P. / Costa Casas, X. (1995). O ensino da lingua: por un cambio de rumbo. Introducción teórica e Unidades didácticas. A Coruña: AS-PG - García Padrino, J. / Medina Padilla, A. (dirs.) (1988). Didáctica de la lengua y la literatura. Madrid: Síntesis - García Rivera, G. (1995). Didáctica de la literatura en la Enseñanza Primaria y Secundaria. Madrid. Akal - Marco López, A. (1997). Lingua, literatura e arte: aspectos didácticos. Santiago: USC - Martín Vegas, R.A. (2009). Manual de didáctica de la lengua y la literatura. Madrid. Síntesis - Navarro Durán, R. (1995). La Mirada al texto : comentario de textos literarios. Barcelona: Ariel - Pozuelo Yvancos, J.M. (2007). Desafíos de la Teoría. Literatura y géneros. Mérida. Venezuela. El otro@el mismo - Rodríguez, F. (1990). Literatura galega. Problemas de método e interpretación. Vilaboa-Pontevedra. O Cumio - Sánchez Miguel, E. (2010). La lectura en el aula: qué se hace, qué se debe hacer y qué se puede hacer. Barcelona. Graó - Silva Valdivia, B. (coord.) (2005). A literatura na educación secundaria. Santiago: Instituto de Ciencia da Educación - Silva Valdivia, B. (dir.) (2008). Situación do ensino da da lingua e da literatura na educación secundaria obrigatoria . Santiago: Consello da Cultura Galega
Bibliografía complementaria	- Abuín, A. / Tarrío, A. (eds.) (2004). Bases metodolóxicas para unha historia comparada das literaturas da península Ibérica. Santiago: Servizo de Publicacións USC - Aguiar e Silva, V.M. de (1993). Teoría da Literatura. Coimbra. Livraria Almedina - (). Bibliografía Española, Madrid, Servicio Nacional de Información Bibliográfica (luego Instituto Bibliográfico Hispánico, luego Biblioteca Nacional), 1959 y ss. Refundición anual del Boletín del Depósito. - Carballo Calero, R. (1981). Historia da Literatura Galega Contemporánea. Vigo. Galaxia - Marchese, A. / Forradellas, J.& (1991). Diccionario de retórica, crítica y terminología literaria. Barcelona. Ariel - Mainer, J. C. (2010-2012). Historia de la Lliteratura española, 9 vols.. Barcelona: Crítica - Reyes, G. (ed.) (1989). Teorías literarias en la actualidad . Madrid. Ediciones el arquero - Rico, F. (1979-1999). Historia y crítica de la Lliteratura española, 18 vols. . Barcelona: Crítica - Rodríguez Cacho, L. (2009). Manual de historia de la literatura española. Madrid. Castalia - Rodríguez Fer, C. (1991). Arte literaria . Vigo: Xerais - Tarrío, A. (1994). Literatura galega. Aportacións a unha historia crítica. Vigo: Xerais - Tarrío, A. (coord.) (2000). Galicia. Literatura, vols. 31-34. A Coruña: Hércules de Edicións - Vázquez Cuesta, P. (1980). &quot;Literatura gallega&quot;, in Díez Borque. J. M^a. (ed.), Historia de las literaturas hispánicas no castellanas, pp. 621-896. Taurus: Madrid - Vilavedra, D. (1999). Historia da literatura galega. Vigo: Galaxia - Vilavedra, D. (coord.) (1995-2004). Diccionario da literatura galega, a4 vols. Vigo: Galaxia - Viñas Piquer, D. (2002). Historia de la crítica literaria . Barcelona. Ariel - VV.AA. (1996-1998). Historia da Literatura Galega, 5 vol. . Vigo. A Nosa Terra - VV.AA. (2001). Literatura galega. Século XX. Vigo:. A Nosa Terra

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Bases epistemolóxicas para o ensino das linguas e literaturas galega e castelá/652608821

Metodoloxía do ensino das linguas e literaturas galega e castelá en educación secundaria/652608822

Fundamentos metodolóxicos e profesionais do ensino das linguas e literaturas galega e castelá en educación secundaria/652608823

Proxectos de innovación e investigación educativa en lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá/652608E31

Contidos complementarios para o ensino das linguas galega e castelá/652608811



Materias que continúan o temario

Observacións

Para calquera dúbida, poden pórse en contacto coas profesoras, persoalmente en horario de atención ao alumnado, ou concertando cita previa nos enderezos electrónicos: carne@udc.gal / maria.josefa.martinez@udc.es
--

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías
